



XORNADAS DE
MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2016
CONCIENCIA DA PALABRA

Baixo o título **Con'Ciencia' da Palabra**, as Xornadas de Música Contemporánea regresan a Compostela nos meses de outubro e novembro de 2016 co obxectivo de promover e difundir as últimas tendencias e a innovación da música culta actual.

A filosofía, a ética, a ecoloxía, a arquitectura e a pintura súmanse á música para conformar unhas xornadas que se inauguran coa proposta *Cruzando océanos* do Airas Ensemble que inclúe unha estrea de Óscar Colomina explorando etimoloxicamente a palabra *son*, en nórdico tamén «estreito de mar que se pode cruzar nadando» e converter o espazo en base narrativa dun concerto que se completa con obras dos galegos Jesús Bal y Gay e Octavio Vázquez, o primeiro exiliado en México e o segundo residente aínda en EEUU, alén do océano. Destacados solistas da música contemporánea galega integran Vertixe Sonora e será este ensemble o que articule un programa ao redor da idea de *Kairós*, o instante en que o son se produce e transfórmase, o momento oportuno en que as cousas teñen un significado concreto e o *Microteatro Psicopático*, unha historia de palabras perdidas, monstros e espazos misteriosos, teatro musical para ensemble e actor, un achegamento á obra literaria de Javier Tomeo co compositor chileno Óscar Carmona.

O Taller Atlántico Contemporáneo dirixido por Diego García Rodríguez presentará dous programas (*The Rothko Chapel* de Morton Feldman e *Vox Balaenae* de George Crumb) que falan do coñecemento compartido,

a conciencia, a universalidade, o ecoloxismo, unha viaxe musical en que aborda elementos de ciencia, historia, filosofía e mesmo cuestións éticas e morais.

Pola súa banda a Orquestra Universitaria do Espazo de Cámara da USC ofrece un proxecto con composicións encargadas aos principais centros superiores de estudos musicais de cada un dos tradicionais camiños de Santiago: Camiño do Norte, Inglés, Portugués, Francés e Vía da Prata. Distintas procedencias, redes de coñecemento que propician que todas as obras deste programa sexan estreas absolutas.

O conxunto de cámara Zoar achega a estas xornadas tres propostas programáticas ao redor de Miguel de Cervantes e William Shakespeare en que literatura e música do século xx camiñan da man. Seguindo a inspiración narrativa destas dúas imprescindibles figuras, Zoar recupera obras de relevantes compositores galegos como Bal y Gay ou Xabier Mariño.

Da man da Asociación Galega de Compositores e a través de dous quintetos de metais, Hércules Brass e InVento, chegarán ás obras dos compositores galegos máis actuais como Luís Carro, Miguel Brotóns, Juan Durán, Margarita Viso, Xoán Antón Vázquez Casas, Javier María López Rodríguez, Jesús González ou Xavier Comesanha.

Nesta cuarta edición das Xornadas de Música Contemporánea, a Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Jaime Martín, interpreta a obra gañadora do VII Premio de Composición AEOS-Fundación BBVA *Tres pinturas velazqueñas* de Jesús Torres e que se completa con composicións de Kurt Weill e Beethoven.

Coa súa vocación de chegar a novos públicos incluíronse charlas pre-concerto impartidas, nesta edición, por docentes da Universidade de Santiago de Compostela que desde diferentes disciplinas, a ética, a musicoloxía, a ciencia ou a literatura, achegarannos ás composicións aprofundando na relación da música cos seus ámbitos pedagóxicos.

A experiencia activa de escoitar música tamén poderá compartirse en familia. Así, o Ensemble Música Práctica ofrece *Catro tímbricas pintadas* do compositor compostelán Fernando Buide, o TAC presentará *Vox Balaenae* de Crumb; e Zoar, *Un xogo de ladróns* de Óscar Navarro, sobre textos de *Rinconete e Cortadillo* de Miguel de Cervantes. Xunto a eles a Orquestra Universitaria do Espazo de Cámara da USC e a Banda Municipal de Santiago buscan fidelizar novos públicos.

Un programa que pretende abarcar e presentar un percorrido pola música contemporánea que enriquece a cultura de Compostela, ao que se poden achegar públicos heteroxéneos e que non sería posible sen a complicitade da Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Galego de Arte Contemporánea así como o apoio do Consorcio de Santiago de Compostela, do Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) e do Instituto Nacional das Artes Escénicas e a Música (INAEM).

Martíño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela



ENTRADAS

Acceso libre até completar o aforo

*** Real Filharmonía de Galicia:**

1 decembro (Auditorio de Galicia)
15 €

Descontos do 50%:

Desempregados, maiores de 65 anos,
xubilados, menores de 25 anos, estudantes,
familias monoparentais, familias numerosas,
perceptores de rendas sociais

HORARIO DE DESPACHO DE BILLETES

Teatro Principal:

aberto de 18.00 a 21.00h, de martes a sábado

Auditorio de Galicia:

O día de concerto a partir das 18.00 h

OUTUBRO

AIRAS ENSEMBLE

Sábado 1 ■ 20:30 h ■ Paraninfo da Universidade

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Sábado 8 ■ 20:30 h ■ Auditorio de Galicia

Domingo 9 ■ 12:00 h ■ Auditorio de Galicia

MÚSICA RESERVATA

Sábado 15 ■ 20:30 h ■ Igrexa da Universidade

ENSEMBLE MÚSICA PRÁCTICA

Domingo 16 ■ 12:00 h ■ Centro Galego de Arte Contemporáneo

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Venres 28 ■ 20:30 h ■ Igrexa de Bonaval

Sábado 29 ■ 20:30 h ■ Vestíbulo do Auditorio de Galicia

Domingo 30 ■ 12:00 h ■ Vestíbulo do Auditorio de Galicia

NOVEMBRO

HÉRCULES BRASS

Venres 4 ■ 20:30 h ■ Igrexa da Universidade

CUARTETO BRETÓN

Sábado 5 ■ 20:30 h ■ Paraninfo da Universidade

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Venres 11 ■ 20:30 h ■ Igrexa da Universidade

QUINTETO INVENTO

Sábado 12 ■ 20:30 h ■ Auditorio de Galicia

BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO

Domingo 13 ■ 12:00 h ■ Teatro Principal

ORQUESTRA UNIVERSITARIA DO ESPAZO DE CÁMARA DA USC

Venres 18 ■ 20:30 h ■ Sala Agustín Magán

Domingo 20 ■ 12:00 h ■ Sala Agustín Magán

DAVID APELLÁNIZ E ALBERTO ROSADO

Sábado 19 ■ 20:30 h ■ Paraninfo da Universidade

ZOAR

Venres 25 ■ 20:30 h ■ Centro Galego de Arte Contemporáneo

Sábado 26 ■ 20:30 h ■ Centro Galego de Arte Contemporáneo

Domingo 27 ■ 12:00 h ■ Centro Galego de Arte Contemporáneo

DECEMBRO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA*

Xoves 1 ■ 20:30 h ■ Auditorio de Galicia



Foi o desexo de volver tocar xuntos e compartir de novo o camiño, o que impulsou a reunión deste grupo de músicos vencellados polo entusiasmo e a inquietude. Algúns deles coñécíanse de tempo atrás, despois de coincidir na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia ou Joven Orquesta Nacional de España, e outros coñécense xa no mundo profesional compartindo atrás en orquestras como a Real Filharmonía de Galicia. As traxectorias vanse cruzando ata a decisión de formar **Airas Ensemble**, coma quen recompón e ensambla as pezas dun crebacabezas. Esta formación está composta por algúns dos máis destacados solistas de vento de España, músicos cunha destacable traxectoria que desenvolven as súas carreiras na Sinfónica de Bilbao, o European Chamber Ensemble, a NDR Radiophilharmonie, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Vigo 430, etc. O grupo nace co obxectivo de desenvolver ao máximo as posibilidades sonoras e cromáticas dos instrumentos de vento combinados co piano ou sós. No seu repertorio cabe case calquera formación. Isto permite que os seus concertos abranguen varios períodos da historia da música de cámara, o que introduce unha variedade de estilos e de resultados tímbricos moi interesantes. Por riba de todo, o seu obxectivo é gozar da música e facer gozar a quen os escoita.

OUTUBRO

Sábado 1 ■ 20:30 h

Paraninfo da Universidade

océanos

Quinteto de vento (2016)

Óscar Colomina i Bosch (1977).

Composta para e en colaboración co Airas Ensemble

Estrea absoluta

Cuarteto para fruta, óboe, clarinete e fagot (1942)

Jesús Bal y Gay (1905 - 1993)

Quinteto de vento (2016)

Octavio Vázquez (1972)

Encargo de Airas Ensemble

Airas Ensemble

Julia Estévez, frauta

Roberto Baltar, óboe

Beatriz López, clarinete

Alfredo Varela, trompa

Santiago López, fagot

O concerto comeza co *Quinteto de vento* de Óscar Colomina baseado na idea de que a etimoloxía nórdica para «son» é a mesma que para «estreito de mar que se pode cruzar nadando». Así, a idea de «cruzar» o espazo é a base da súa narrativa e así mesmo, o fío condutor do concerto. Jesús Bal y Gay e Octavio Vázquez, dous compositores galegos, de diferentes épocas, un exiliado en México e o outro residindo en EEUU, ao outro lado do océano.

OUTUBRO

Sábado 8 ■ 20:30 h
Auditorio de Galicia

Kairós, o momento oportuno

Le Piano engloutie (2015)

Manuel R. Valenzuela (1980)
piano preparado e amplificado con pedal de guitarras

Kairós (1991-92/rev. 2005-06)

Agostino Di Scipio (1962)
saxofón soprano, computer-generated tape e electrónica en vivo

T(t)- Blocks D (2014)

Manuel R. Valenzuela
3 máquinas de escribir eléctricas, vídeo e obxectos

Patrulla Reliquia (2015)

Mauricio Pauly (1976)
piano amplificado, electrónica en vivo e gravacións de follas secas arrastradas e aplastadas sobre lousas de cerámica (para un pianista sen axuda)

The Art of Metal II (2007-versión 2015)

Yann Robin (1974)
saxofón baixo e electrónica en vivo

Desde a súa aparición en 2010, **Vertixe Sonora Ensemble** converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade española. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística. Integrada por artistas sonoros e destacados solistas de música contemporánea, Vertixe Sonora Ensemble mantén unha constante interlocución con artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao



FOTO: PABLO PRADOS

rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora

desenvolve unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema cultural europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporáneo Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons, na cidade de Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música en Galicia. O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea - cAuSaL, obradoiros de composición e charlas abertas...

O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

OUTUBRO

Domingo 9 ■ 12:00 h
Auditorio de Galicia

Microteatro Psicopático

palabras perdidas, monstros e espazos misteriosos

Achegamento á obra literaria de Javier Tomeo co compositor Óscar Carmona Carlos Álvarez-Ossorio, actor

«Hai palabras escritas que non merecen estar en ningún lugar por malas. As nosas, obviamente, merecen outro destino». **Javier Tomeo**

Teatro musical

Tempo despois, decidínome a escribirlle ao autor daquelas páxinas e ludicamente intercambiamos un par de correos electrónicos, con fragmentos de historias inconclusas, palabras perdidas e viaxes nas profundidades electrónicas... Hoxe, máis de dez anos despois, e tras ler moitísimos dos seus textos, interésame realizar un traballo cruzado, que dea conta do seu mundo literario, das súas criaturas asimétricas, os seus monstros, pero tamén do noso encontro virtual. Un cruzamento entre o literario e o real, do ritmo escrito ao ritmo sonoro, da palabra acompañada de música á música acompañada de palabra, ou a palabra feita música e tamén viceversa. En fin. Desde unha banda sonora até un teatro musical, unha colección de imaxes, de teatro sonoro, de contos breves ou microhistorias, de reflexións musicais, de espazos virtuais perdidos que se recrean nunha instancia musical lúdica ou simplemente nunha mestura sen apelidos, unha combinatoria entre a literatura de Tomeo e a miña música, e tamén entre a miña literatura e a súa musicalidade, entre os espazos virtuais compartidos, o non escrito, o imaxinado... ■ **Óscar Carmona**, xaneiro de 2016

Kairós, o momento oportuno no que as cousas teñen unha significación especial. O instante en que o son se produce e se transforma: instrumentos alterados electronicamente en vivo, tradición clásica manipulada, gravacións de «follas secas arrastradas e esmagadas sobre lousas de cerámica», máquinas de escribir e saturación extrema nun espléndido caleidoscopio sonoro.

Vertixe Sonora Ensemble

Pablo Coello
David Durán
Diego Ventoso
Ángel Faraldo
Saxofón, piano, obxectos sonoros, vídeo, electrónica en vivo
www.vertixesonora.net

Vertixe Sonora Ensemble

Pablo Coello, saxofón
Alejandro Vázquez, trompeta
Diego Ventoso, percusión
Criptana Angulol, violonchelo
Ángel Faraldo, electrónica
Antonio Romero, contrabaixo
Rubén Barros, guitarra eléctrica
David Durán, piano
www.vertixesonora.net



Tras 25 anos de actividade ininterrompida, **Musica Reservata** de Barcelona é un dos conxuntos vocais máis coñecidos de España pola súa dedicación exclusiva ao repertorio relixioso do renacemento e, moi especialmente, á escola ibérica de polifonía. Numerosos directores convidados achegaron a súa experiencia ao traballo de MRB, xa que o conxunto non ten director fixo: Jean-Marc Andrieu, Peter Phillips, Andrew Carwood, Bart Vandewege, Paul Hillier, Bruno Turner, Romà Escalas, Josep Vila e Mireia Barreira. Actuaron en España, Alemaña, Francia, Italia, Palestina, Xordania, Polonia e Finlandia. Participaron nos principais festivais españois: Granada, Daroca, Barcelona, Ronda, Cuenca, Girona, FIMTE (Almería) ou os de Ciutadella e Mahón, en Menorca. En 1995 gañaron o primeiro premio do Concurso Permanente de Juventudes Musicales de España. Gravaron cinco discos, un deles é un concerto en directo ofrecido en Granada en 1999, coa dirección do británico

Peter Phillips, co que presentaron o seu último CD en 2009. En 2016 prevíuse o lanzamento dun novo disco, coa recuperación das *Lamentaciones de Semana Santa* do compositor Joan Pau Pujol. A pesar de dedicarse á música antiga, o seu interese polo repertorio contemporáneo levounos a interpretar *Stimmung* de Stockhausen, en Granada, Altea e Cuenca. Os compositores A. Guinovart e A. Aracil dedicáronlles varias pezas polo seu décimo aniversario. En 2009, ademais, gravaron *Lamentaciones*, de Joan Sanmartí, froito dunha exposición do artista Javier Pérez. Agustín Charles e Miguel Anxo Hurtado compuxeron senllas obras de encarga para celebrar o seu 25º aniversario.

Música Reservata

Isabel Juaneda e Marta Rodrigo, cantus
Jordi Abelló e Mercè Trujillo, altus
Albert Riera e Antonio Trigueros, tenor
Jordi Blanco e Tomàs Maxé, bassus

OUTUBRO

Sábado 15 ■ 20:30 h

Igrexa da Universidade

Conceptio universalis

Encargo do CNDM (2015)

Victoria é feminino

TOMÁS LUIS DE VICTORIA (ca.1548-1611)

Nigra sum, sed formosa, a 6 vv. (1576)

Trahe me, post te, Virgo Maria, a 6 vv. (1583)

Alma redemptoris Mater, a 8 vv. (1576)

ALFREDO ARACIL (1954)

Trahe me, post te, Virgo Maria, a 7 vv. (2001)

ARVO PÄRT (1935)

Magnificat (1989)

Victoria é escuridade

AGUSTÍN CHARLES (1960)

O vos omnes (2015).

Reestrea

T. L. DE VICTORIA

Vere languores, a 4 vv. (1572)

Cum beatus Ignatius, a 5 vv. (1572)

O vos omnes, a 4 vv. (1572)

Versa est in luctum, a 6 vv. (1605)

MIGUEL ÁNGEL HURTADO (1952)

Versa est in luctum (2015)

Victoria é luz

T. L. DE VICTORIA

Dum complerentur dies Pentecostes, a 5 vv. (1572)

O quam gloriosum, a 4 vv. (1572)

Ardens est cor meum, a 6 voces (1576)

Dícese da *música reservata* que é unha «música de elevada expresividade, que presenta un texto con intensidade e que o fai nun estilo reservado para os expertos». Poida que esta definición sexa certa para este grupo de cámara vocal barcelonés, despois de que se especializara no repertorio menos coñecido do renacemento e barroco, cun marcado interese pola música relixiosa. No entanto, o seu programa xoga cos contrastes entre o novo e o vello, con pezas do onte inseridas entre as actuais, entre as que ademais figura unha reestrea de obra encargo do CNDM.



OUTUBRO

Domingo 16 ■ 12 h

CGAC

Concerto familiar

Ensemble Música Práctica

Catro tímbricas pintadas (2013)

Fernando Buide (1980)

Formado por Jorge Montes, Fernando Buide e Alejandro Sanz contan neste proxecto coa colaboración de Juan Ibáñez e nace sen límites de repertorio, estilos ou formación. Basea o seu ideal de traballo na calidade e respecto pola música. O propio nome quere reflectir un meticuloso pragmatismo á hora de afrontar os proxectos, concertos etc. Na súa faceta didáctica é un proxecto multidisciplinar, que ten como principal obxectivo mostrar o punto de encontro entre diferentes linguaxes artísticas, partindo sempre dunha idea musical. Desta forma facilítase a súa comprensión ao establecer asociacións como poden ser timbre-cor, ritmo-forma ou matiz-xesto.

Catro Tímbricas Pintadas desenvolve unha narrativa audiovisual en que as cores que configuran as imaxes están asociadas a cada un dos catro instrumentos que conforman o ensemble. Asocia a cor negra á percusión, azul ao piano, vermello á frauta e amarelo ao violín. Dese xeito, cada cor dá lugar a múltiples configuracións (figuras, tramas e fondos) cada timbre desenvolve unha ampla gama de posibilidades, desde xestos melódicos a efectos percusivos ou ambientes sonoros. A interacción dos diferentes timbres e cores progresa desde as presentacións máis ou menos individuais de cada instrumento a momentos de clímax de todo o ensemble, e incorpora momentos onde o público participa na paisaxe sonora (por exemplo, a partir de palmas). A narrativa musical elaborá-

se a partir de seccións baseadas en diversas técnicas musicais: aparecen mosaicos sonoros puntillistas —similares a algunhas técnicas utilizadas por Pierre Boulez (1925) e Karlheinz Stockhausen (1928-2007)—, atmosferas con tramas máis densas (György Ligeti, 1923-2006), elaboracións simples dun único son (Giacinto Scelsi, 1905-1988), ou melodías de inspiración popular ou tradicional (Luciano Berio, 1925-2003). En definitiva, o compositor Fernando Buide (1980) utiliza nesta obra unha ampla gama de técnicas musicais utilizadas polos compositores máis significativos da segunda metade do século xx. A artista Gema Cilleros (1971) traballa en colaboración co compositor achegando a parte pictórica e de narrativa visual neste traballo interdisciplinar conxunto. A partir da composición musical Cilleros puxo cor á música, creando imaxes e ritmos plásticos en todos os movementos.

OUTUBRO

Venres 28 ■ 20:30 h

Igrexa de Bonaval

The Rothko Chapel (1971)

Morton Feldman (1926-1987)
para soprano e viola solistas, celesta,
percusión e coro mixto

Diego García Rodríguez, director
Ingrida Gápová, soprano
Ioana Ciobotaru, viola

VOX STELLAE

Luis Martínez, director do coro

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Montserrat Capelán

Doutora en filosofía e musicoloxía
Prof. de historia do pensamento musical
da facultade de Xeografía e Historia da
USC

A Capela Rothko é un templo ecuménico construído en Houston polo arquitecto Philip Johnson que alberga os últimos lenzos de Mark Rothko. Figura transcendental do expresionismo abstracto, Rothko atopou un alter ego musical en Morton Feldman. Ambos prestan unha gran atención á materia prima das súas respectivas disciplinas, a cor e o son. O interese de Feldman polo son en si mesmo, sen artificios, dá lugar a unha obra absolutamente hipnótica e fascinante, características que se verán potenciadas pola extraordinaria acústica da Igrexa de San Domingos de Bonaval.



O Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) recibe o Premio da Crítica Galega polo seu proxecto *Os Seráns do TAC* en 2013, ano en que lle outorgan o premio na categoría de Música clásica e contemporánea nos Primeiros Premios Galegos da Música. Iniciou a súa andaina en marzo de 2010 na praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Quixo reivindicar desde un principio a proximidade que a música contemporánea pode ter para calquera tipo de público e a posibilidade de facer concertos introducindo novos elementos. En xuño do mesmo ano colocou un piano de cola no faro de Fisterra para interpretar integramente a obra de Satie *Vexations*, 18 horas de piano ininterrompidas. Nesta ocasión contou coa colaboración de 27 pianistas. Paralelamente a este tipo de repertorio, abordou no CGAC un ciclo de seis concertos dedicados á música de compositores galegos escritos para diversas formacións do ensemble, en 2011 continúa cun ciclo de tres concertos que tratará de achegar ao público unha pequena mostra do repertorio que se fixo fóra das nosas fronteiras desde mediados do século XX até a actualidade con obras de Crumb, Schnittke e Berio. En xullo de 2011 actuaron no Festival Via Stellae con Siniestro Total nun concerto (*Land of opportunity*) conxunto onde tocaron música da formación viguesa arranxada por Javier López de Guereña para o TAC. Ao longo de 2011 organizaron na Cidade da Cultura o ciclo "Os Seráns do TAC" que incluían música contemporánea, humor e gastronomía. O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez.

OUTUBRO

Sábado 29 ■ 20:30 h

Vestíbulo do Auditorio de Galicia

Domingo 30 ■ 12:00 h

Vestíbulo do Auditorio de Galicia

Concerto familiar

Vox Balaenae (1971)

George Crumb (1929)
para violonchelo, frauta e piano
amplificados

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Antonio Segura

Decano da facultade de Bioloxía da USC
Sábado 29

Vox Ballaenae (A voz das baleas), para violonchelo, frauta e piano amplificados, de 1971, está inspirada no canto dunha balea xorobada, que Crumb escoitara nunha gravación. Cada un dos tres intérpretes debe levar un anteface, co que Crumb trata de esconder o elemento humano para resaltar as forzas da natureza; a natureza deshumanizada. Peza dun gran lirismo que trata de despersonalizar ao ser humano fronte a unha natureza primixenia e absoluta, minimizando o papel do ser humano na comunicación entre a natureza e a música. O elemento escénico xoga un papel importante nesta obra, cunha clara intención simbólica por ser unha obra moi ligada a unha mentalidade en que a estética e a creación artística teñen unha implicación moi clara coas actitudes e pensamentos do artista fronte ao mundo. A obra consta de prólogo, variacións (que representan as eras xeolóxicas) e epílogo. Os cantos da balea conviven nesta obra con sons de gaviotas, do mar e con citas do *Zarathustra* de Richard Strauss.

HÉRCULES BRASS

NOVEMBRO

Venres 4 ■ 20:30 h

Igrexa da Universidade

3 Historias Curtas (1957)

Luís Carro

Remember (2015)

Miguel Brotóns (1965)

Diesel 333 (2012)

Juan Durán (1960)

5 Bagatellas (2015)

Xabier Comesanha (1968)

Fala unha alberca (2014)

Margarita Viso (1957)

Hércules Brass

Alejandro Vázquez, trompeta

Víctor Vilariño, trompeta

Javier González, trompa

Esteban Méndez, trombón

Rodrigo Rodríguez, tuba

Un percorrido pola música actual galega a través das distintas estéticas musicales creadas polos compositores da Asociación Galega de Compositores

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Luís Carro, Juan Durán e Xabier Comesanha

Asociación Galega de Compositores

Este quinteto de metais está formado por novos profesionais de vento metal cunha longa experiencia tocando xuntos, principalmente na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia e na Joven Orquesta Nacional de España. Afondaron na música de cámara no Curso de Especialización de Música de Cámara na EAEM (Escola de Altos Estudos Musicais) de Santiago de Compostela. O seu interese por ampliar e dar a coñecer o repertorio para quinteto de metais é patente no seu labor didáctico co proxecto Os Superhércules; e no feito de que compositores galegos como Xoan Antón Vázquez, Fernando Arias e Juan Durán, dedicáronlle obras. Actúan en Galicia, Zamora, Asturias, País Vasco, Comunidade Valenciana, Cataluña, Madrid e Suíza e en 2012 foron convidados pola JONDE para participar como profesores na Orquesta Manuel María Gutiérrez e nunha serie de concertos en Costa Rica. Actuaron como solistas coa Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Banda Unión Musical de Meaño, a Banda Municipal da Coruña e a Orquestra Sinfónica de Galicia. Ademais, participaron en festivais como o IX Curso Internacional Semana Musical de Salceda de Caselas, Festival Spanish Brass Alzira 2013, Festival Ticino Musica 2013 en Suíza, este último como quinteto residente. Recentemente foron protagonistas dunha das emisións de 'Música Joven' en Radio Clásica de RTVE e recibiron o Primeiro Premio no 'eMuse' Online Music Competition 2014. Desde agosto de 2014 organizan o Festival Hércules Brass Celanova, na localidade ourensá.



CUARTETO BRETÓN

NOVEMBRO

Sábado 5 ■ 20:30 h

Paraninfo da Universidade

Cuarteto de corda núm. 8

en do menor, op. 110 (1960)

Dmitri Shostakovich (1906-1975)

Existes, para cuarteto de corda (2016)

Mario Diz (1980)

Estrea absoluta

Cuarteto de corda núm. 6 (2013)

Philip Glass (1937)

Estrea en España

Cuarteto Bretón

Anne-Marie North, violín

Antonio Cárdenas, violín

Iván Martín, viola

John Stokes, violonchelo



O Cuarteto Bretón nace en 2003, cando catro músicos con longa experiencia na música de cámara comparten a necesidade de dar a coñecer cuartetos españois, tanto actuais como do pasado, xunto ao gran repertorio da formación, pondo unha énfase especial na obra de compositores como Ernesto e Rodolfo Halffter, Guridi, Bautista, García Leóz, Bretón, Orbón, Turina, Julio Gómez, Agustín Charles, Alfredo Aracil, Tomás Marco, José Luís Greco, Mario Carro ou Cristóbal Halffter, sen descoidar, por suposto, o gran repertorio para cuarteto de todas as épocas, de Haydn a Philip Glass. Foi convidado a formar parte de numerosas series de concertos nas salas máis importantes de España: Auditorio Nacional, Fundación Juan March, Auditorio da Fundación Canal, Difusión de Música Contemporánea, Auditorio de Conde Duque, Teatro Albéniz, Auditorio Reina Sofía, Residencia de Estudiantes, Ciclo de Verán del Escorial, Teatros del Canal, Colegio Español de París, Fundación BBVA, Festival de Música Antiga de Aranjuez, Sendesaal de Bremen, Música/Musika de Bilbao, Festival de Música Contemporánea de Córdoba, Semana de Música Relixiosa de Cuenca, Auditorio Nacional, Festival de Música Española de León, Festival de Toledo, e os Festivais de Granada, Santander, San Sebastián e Luberon (Francia). A súa actividade discográfica que inclúe as integrais de cuartetos de corda de Rodolfo Halffter e Jesús Guridi, cuartetos de T. Bretón (selo Naxos), Alfredo Aracil (Verso), e dous quintetos con piano do Padre Soler e con Rosa Torres Pardo (Columna).

O Cuarteto Bretón fará gala do seu bo son en tres obras moi distintas. Tras interpretar o *Cuarteto de cordas núm. 8* de Shostakovich, cuxos famosos temas foron reutilizados noutras obras súas, unha estrea absoluta do compositor Mario Diz dará a nota actual a este concerto que concluirá cunha estrea en España, concretamente o do *Cuarteto de cordas núm. 6* de Philip Glass, definido polo seu autor de tonal e post-minimalista. Trátase dunha das súas obras máis coñecidas e tocadas, do que certos temas foron reutilizados polo compositor noutras obras.



pretado por Clara Groba e o terceiro editado polo selo Almaviva do Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía coa primeira gravación mundial en directo

A **Orquestra de Cámara Galega** foi fundada en 1995 por iniciativa de Rogelio Groba Otero, director-concertino e Clara Groba, violoncelo principal e solista, e integrada por músicos formados en diversos conservatorios europeos. Desenvolveu unha intensa actividade que lle levou a interpretar un amplo repertorio que abarca desde o barroco ata os nosos días, incluíndo a difusión de compositores galegos e facendo especial fincapé na extensa obra do compositor Rogelio Groba Groba, do cal se levaron a cabo numerosos estreas. Con esta finalidade, a OCGA realizou a súa actividade musical polas principais salas de concerto españolas entre as que destaca o Auditorio Reina Sofía de Madrid, o Palau da Música de Barcelona, a Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, a Real Maestranza de Sevilla, o Teatro Jovellanos de Xixón, o Palacio da Ópera da Coruña, Auditorio de Galicia. No ámbito internacional, actuou en Viena, Spanien Modern Musikfestival, Nova York, Merkin Hall da Fundación Kaufman, Bos Aires, Teatro Metropolitan e Holanda, Utrech, Dean bosh, Amsterdam, Middleburg e De Doelen Auditorium de Róterdam e Palacio Ducal de Xénova. Colaborou con profesionais da talla de Teresa Berganza, Anthony Pay, Cecilia Lavilla, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, Juan Lomba, José Núñez e José Luis Estellés. Ademais das súas gravacións en directo para TVE, TVG e Radio Clásica, a OCGA gravou tres Cds. O primeiro publicado polo selo Boanergies con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero, o segundo monográfico do compositor R. Groba co selo Autor no que destaca a primeira gravación do *Concerto núm. 2 para chelo e orquestra* inter-

da ópera *Don Chisciotte* do compositor Manuel García, na Real Maestranza de Sevilla.

Rogelio Groba é Titulado Superior na especialidade de Violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña, e en Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Música de Oviedo, prosegue a súa preparación durante varios anos en Londres con Detlef Hann, profesor da Guildhall School of Music and Drama. En 1995, funda como director-concertino a Orquestra de Cámara Galega. En 2000, dirixe a gravación da súa propia obra, *Divertimento para cordas*, incluída no primeiro CD desta formación e en 2005 a gravación do segundo CD dedicado integramente á obra do seu pai Rogelio Groba Groba. Tamén participou na recuperación e estrea da ópera *Don Chisciotte*, de Manuel García, así como a súa gravación realizada en directo no Teatro da Maestranza de Sevilla. En maio de 2007 dirixiu á OCGA no Spanish Modern Festival de Viena onde obtivo un gran éxito de público e crítica interpretando obras de compositores galegos, e en agosto nunha exitosa xira por Arxentina que foi o preámbulo dunha serie de concertos realizados por toda Galicia e parte do resto de España. No ano 2008, ademais de numerosos concertos por toda a xeografía galega e diversos puntos de España, dirixiu a OCGA no seu debut en Nova York, no Merkin Concert Hall da Fundación Kaufman. En 2010 dirixiu á Orquestra de Cámara Galega nunha xira por Holanda con actuacións en Utrecht, Amsterdam, S-Hertogenbosch e Middelburg, finalizando a xira no auditorio De Doelen de Róterdam, así como no Auditorio 400 do Museo Reina Sofía (Madrid), e o Palau da Música (Barcelona). Realizou gra-

vacións para Radio Galega, TVG, TV3, TVE e RNE, e ademais de España, actuou en Portugal, Francia, Austria, Gran Bretaña, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia e Venezuela, e foi director da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Música da Coruña.

A frautista internacionalmente aclamada **Gili Schwarzman** presentouse como solista en todo o mundo con orquestras, incluíndo a Jerusalem Symphony, Orquestra de Cámara de Israel, Berliner Camerata, da Orquestra de Valencia, Das Sinfonie Orchester Berlin, a Orquestra de Cámara de Potsdam, Soloists Hulencourt Brusses, Symphony Europea, Orquestra de Cámara de Tallinn, a Iventus Orchestra, entre moitos outros. Como solista e músico de cámara, Gili Schwarzman colabora regularmente con algúns dos músicos máis notables do noso tempo como Alisa Weilerstein, Amihai Grosz, Lioba Braun, Emmanuel Pahud e Guy Braunstein, tocando nas salas máis recoñecidas, como Musikverein Wien, Queen Elizabeth Hall en Londres, Mozarteum Salzburg, Berlin Philharmonie, Hamburgo Laeiszhalle... Gili toca regularmente en moitos festivais perstigio como Jerusalem Chamber Music Festival Musique de l'Emperi en Salon de Provence, Festival de Salzburgo, Lucerna Festival, Zagreb Rolandseck Chamber Music Festival e Festival en Alemaña. As súas actuacións foron retransmitidas na radio e televisión coma RBB, cultura WDR Radio Deutschland e a BBC. Despois de terminar os seus estudos con excelencia en Israel, continuou os mesmos na Academia de Música de Múnic, na clase do Prof. Andras Adorjan. Durante os seus estudos, gañou varios premios, incluíndo o Concurso Internacional de Praga, a bolsa de estudos da Fundación América-Israel e a bolsa da Tel Aviv Academy. Gili tivo a oportunidade de recibir consellos dos prestixiosos frautistas Emmanuel Pahud, Philippe Bernold, Michel Debost, Davide Formisano e Pierre Yves Artaud. Durante os anos 2007-2012 foi membro da Divan Orchestra West-Eastern, baixo a dirección do Mestre Daniel Barenboim.

NOVEMBRO

Venres 11 ■ 20:30 h

Igrexa da Universidade

Impresiones de la Puna para fruta e cordas

A. Ginastera (1916-1983)

Quena - Canción - Danza

Mímesis para flauta e orquestra de corda

Rogelio Groba (1930)

Moderato rítmico - Andante rubato - Allegro molto rítmico

Andante impromptu para orquestra de corda

Luis Alvarez Cabado (1996)

Catro momentos nº 3 para orquestra de corda

Ernani Aguiar (1950)

Tempo de cabocolinhos - Tempo de maracatú - Canto - Marcha

Simple symphony Op. 4

Benjamin Britten (1913 - 1976)

Boisterous Bourrée - Playful pizzicato - Sentimental Saraband - Frolicsome finale

Rogelio Groba, director artístico

Gili Schwarzman, fruta

Segundo as ondas do noso océano ata as ribeiras de todos os seus dominios podemos escoitar os mesmos Sons do Atlántico cada vez que toca nas rochas, nos cantis, nas praias. Así, a Orquestra de Cámara Galega, quere recoller algún de esos sons da man de creadores do Atlántico, sen fronteiras, para recalar durante un intre nunha sentida homenaxe ó noso máis prolífico compositor, o Mestre Rogelio Groba. Obras creadas baixo o mesmo influxo desde terras do Brasil por Ernani Aguiar, Arxentina por Alberto Ginastera, Inglaterra por Benjamin Britten e Galicia por Luis Álvarez Cabado e Rogelio Groba, interpretadas pola flautista membro da Divan Orchestra West-Eastern, baixo a dirección do Mestre Daniel Barenboim, Gili Schwarzman e a Orquestra de Cámara Galega, dirixida polo seu director artístico Rogelio Groba Otero.

QUINTETO INVENTO

NOVEMBRO

Sábado 12 ■ 20:30 h

Auditorio de Galicia

Música para óboe e piano (2009)

Luís Carro (1957)

Muiñeira (2010)

Xoan Antón Vázquez Casas (1964)
para cuarteto de vento-madeira

Equivalencia (2003)

Xoan Antón Vázquez Casas (1964)
para quinteto de vento-madeira

Identidade tarifaria (2014)

Javier María López Rodríguez (1969)
para frauta, óboe e piano

Cancioneiro (1996/98)

Jesús González (1965)
para frauta, óboe, clarinete e fagot

Ventos do sur (2015)

Xavier Comesanha (1968)
para quinteto de vento

Un repertorio exclusivamente galego que inclúe obras para vento metal, con piano nalgunhas delas, pertencentes aos séculos xx e xxi, de diversos autores da Asociación Galega de Compositores.

Quinteto Invento

Patricia González, frauta
Carolina Rodríguez, óboe
Emilio Alonso, clarinete
Alma Sarasola, trompa
Óscar Galán, fagot
Álvaro Blanco, pianista invitado

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Luís Carro, Juan Durán e
Xabier Comesanha
Asociación Galega de Compositores



InVento é un grupo de música de cámara que xorde, en primeiro lugar, pola amizade dos seus compoñentes. Tras coincidir na súa etapa de formación, principalmente na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, culminaron os seus estudos en prestixiosas escolas europeas (Róterdam, Barcelona, Porto...). Actualmente son convidados con frecuencia por diversas agrupacións profesionais, compaxinando a actividade interpretativa coa docencia. O seu concerto presentación como quinteto tivo lugar no Conservatorio Profesional de Música da Coruña en marzo de 2014. Desde entón actuaron no Festival Música non Claustro (Tui), Liceo de Ourense (estreando obras da Asociación Galega de Compositores), Paraninfo da UDC, Parlamento de Galicia, Hostal dos Reis Católicos... En novembro de 2014 foron seleccionados para participar na fase final do Concurso Mirabent i Magrans, actuaron no Palacio Maricel e recibiron moi bos comentarios por parte do xurado. Co espectáculo didáctico *Pedro e o lobo* trasladaron a súa ilusión pola música a miles de nenos, realizando numerosas funcións no Palacio da Ópera da Coruña, Liceo de Betanzos, Museo de Arte Contemporánea da Coruña, Hospital Clínico de Santiago de Compostela, etc. InVento entende a música de cámara como algo flexible e non suxeito a unha soa formación. Por iso desde a estrutura principal de quinteto de vento se amoldan a todo tipo de programa e público, colaborando con outros músicos segundo o programa.

BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO

NOVEMBRO

Domingo 13 ■ 12 h

Teatro Principal

Imaxes contemporáneas

Cuadros campestres (ca. 1940)

Ricardo Fernández Carreira (1881-1959)
Estrea. Obra recuperada polo proxecto
Descubriendo as Nosas Músicas

Chantada (2015)

Raúl Martín Niñerola (1983)

Dutch Masters Suite (2008)

Johan de Meij (1953)

Cadros dunha exposición (1874-1922)

Modest Mussorgsky (1839-1881)
Transc. para banda de Casiano Mouriño

Casiano Mouriño Maqueira, director

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Beatriz e Alberto Cancela
Descubriendo as nosas músicas



É unha das máis antigas de Galicia, xa que nace en 1849 como agrupación de afeccionados até que en 1876, en mans do Concello, comeza a profesionalizarse. As súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda, as festas da cidade, as procesións de Semana Santa e os seus concertos no Teatro Principal na tempada de inverno e na rúa do Vilar na de verán. Estas actividades seguen a celebrarse na actualidade, e inclúen ademais concertos didácticos, intercambios culturais e actos protocolarios do Concello.

Dúas partes compoñen este programa que se artella en torno á imaxe como elemento de inspiración musical. En primeiro lugar dúas obras galegas de carácter costumista de cadansúa época: a recente recuperación de *Cuadros campestres*, unha obra de mediados de século XX de Ricardo Fernández Carreira; e en contraposición a perspectiva actual do valenciano e xa galego de adopción, Raúl Martín Niñerola, inspirada e dedicada á terra de Chantada. A segunda parte céntrase na relación existente entre a música e a pintura. A inspiración que provocan en Johan de Meij obras de Rembrandt, Vermeer ou Jan Steen; e, como colofón, unha selección dos *Cadros dunha exposición* do ruso M. Mussorgsky que nos vai guiando pinturas do seu amigo, Viktor Hartmann.

NOVEMBRO

Venres 18 ■ 20:30 h

Sala Agustín Magán

O século xx, un camiño de melodías

Mario Diz, director

O programa realizarase con composicións e estreas chegadas de alumnado pertencente aos principais centros superiores de estudos de composición de cada un dos cinco principais camiños de Santiago.

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Francisco Durán

Prof. Titular de Análise Xeográfica Rexional da USC



A Orquestra do Espazo de Cámara da USC é un proxecto educativo onde participan membros da comunidade universitaria da USC, alumnos estudantes de música ou cidadáns que superen as probas de selección habilitadas para a ocasión. Adoitan participar en diversos concertos públicos repartidos ao longo do curso escolar e, en ocasións, organízanse 3 ou 4 encontros por curso de 2 ou 3 días con ensaios intensivos en fin de semana anterior a cada concerto.

Mario Diz é un músico que desenvolve a súa carreira profesional ligada a diversos proxectos; director do Espazo de Cámara onde está incluída a Orquestra Universitaria de Santiago de Compostela, que dirixe desde o ano 2010, como discípulo do mestre Antón García Abril, exerce nos últimos anos unha intensa actividade compositiva para diferentes agrupacións profesionais e didácticas, entre as que, recentemente, caben destacar estreas abso-

lutas nos dous últimos ciclos das Xornadas de Música Contemporánea organizadas polo CNDM e o encargo de *Tres piezas para banda* por parte da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. Compuxo diferentes pezas para distintas agrupacións de cámara nas que ten unha mención especial a estrea e gravación por parte da laureada mezzosoprano Nuria Lorenzo coa suite de nanas *Todos los niños sueñan* para mezzosoprano, viola e arpa. É membro do equipo directivo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela onde exerce como profesor de violín e viola, a súa paixón pola didáctica destes instrumentos reflíctese na súa recente publicación do libro *Mi primer violín* para a iniciación en idades temperás, que inclúe máis de 20 pezas compostas expresamente para este obxectivo; tamén en numerosos estudos comparados sobre as diferentes metodoloxías de ensino da corda fregada.

NOVEMBRO

Domingo 20 ■ 12:00 h

Sala Agustín Magán

Concerto familiar

O século xx, un camiño de melodías

Mario Diz, director

O programa realizarase con composicións e estreas chegadas de alumnado pertencente aos principais centros superiores de estudos de composición de cada un dos cinco principais camiños de Santiago.



FOTO: HERNANDEZ MARZAL

David Apellániz, violonchelo Actuou como solista coa Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, Orquesta Gulbenkian de Lisboa, Orquesta de Extremadura, Ensemble Nacional de Lyon, Orquesta de Córdoba, Orquesta Nacional de Honduras, as Sinfónicas de Valencia, da Región de Murcia, de Barcelona, de Xixón, Orquesta Ciudad de Granada, Orquesta de Cámara Reina Sofía ou a Filarmónica de Málaga, en marcos como o Festival de Salzburgo, Festival de Lyon e Niza, Konzerthaus (Berlín), Festival A Tempo (Caracas), Auditorio Nacional de Madrid, Teatro de la Maestranza, Palau da Música Catalá, Festival Internacional de Granada, Palacio de Festivais (Santander) e a Quincena Musical Donostiarra, entre moitos outros. Realizou máis de 15 gravacións como solista para Naxos, Sony, Col-legno, Neos, Verso e RNE, cualificadas por Scherzo, Ritmo, Melómano, BBC Ma-

gazine e Fanfare como traballos excelentes. Gramophone destaca a súa intervención no seu rexistro para Naxos como sobresaliente revelación. Actúa regularmente como violonchelo solista coa Orquesta de Valencia, a Orquesta Sinfónica de Navarra ou a Orquesta de Cadaqués, así como co Cuarteto Casals, N. Chumachencho, G. Caussé, Rainer Schmidt (Cuarteto Hagen), A. Meunier, P. Halffter, D. Masson, Paul McCreech, C. Apellániz, A. L. Castaño, J. L. Galego, A. Rosado, J. Torre, A. Sukarlan, M. Borrego, Cuarteto Bacarisse, J. Puchades, Ashan Pillai, J. M. Román, entre outros. É violonchelo solista da Orquesta de Cámara Reina Sofía e profesor de violonchelo no Conservatorio Superior de Aragón.

Alberto Rosado, piano Inicia os seus estudos musicais na súa cidade natal e proségueos en Budapest con Peter Nagy e en Ámsterdam con Jan Wijn. A partir de 1994 traballa regularmente con Josep Colom en Alcalá de Henares onde ademais estuda música de cámara con Ferenc Rados. En 1997 comeza unha estreita colaboración con Luca Chiantore que influirá enormemente na súa relación co piano e coa interpretación. O seu interese pola música contemporánea está presente durante toda a súa carreira, pero en 1999 a súa actividade dá un xiro cara á música actual ao entrar a formar parte do Plural Ensemble e do Proxecto Gerhard, a través dos que toma contacto con directores como Fabián Panisello, José Ramón Encinar, Zsolt Nagy, Jean Paul Dessy ou Peter Rundel, comezando tamén unha estreita relación con numerosos compositores españois



e do resto de Europa. Presentouse en Festivais como Aspekte, Presences, Ars Musica, A Tempo, Música de Estrasburgo ou a Quincena Donostiarra e nas principais cidades de Europa, América e Xapón. Actuou como solista con algunhas das mellores orquestras europeas dirixidas por Josep Pons, Rafael Frühbeck de Burgos, Arturo Tamayo, Philip Greenberg, Alejandro Pousadas, José Luís Temes e Dorel Murgu. Realizou gravacións cos selos Naxos, Col-legno e Verso con obras de Ligeti (incluído o *Concerto para piano e orquestra*), Messiaen, Takemitsu, Cage, Camarero, Panisello, Del Puerto e as obras completas para piano de José Manuel López López e de Cristóbal Halffter. Imparte música de cámara e piano contemporáneo e coordina o Taller de Música Contemporánea no Conservatorio Superior de Música de Salamanca.

NOVEMBRO

Sábado 19 ■ 20:30 h

Parainfo da Universidade

Grave (1981)

Witold Lutoslawski (1913-1994)

Escapes land (2016)

Juan José Eslava (1970).

Estrea absoluta

Im Traume (1980)

Kaija Saariaho (1952). Estrea absoluta.

Toroni (2016)

Ramón Souto (1976)

Encargo del CNDM

Estrea absoluta

Wintersonnenwende II (2007)

Ramón Lazkano (1968)

Lied III (2007)

Toshio Hosokawa (1955)

Variaciones para violonchelo y piano (2004)

Jesús Torres (1965)

David Apellániz, violonchelo

Alberto Rosado, piano

Catro obras de compositores españois, incluído un encargo do CNDM, e outras tantas de compositores internacionais consagrados, dan forma a este programa contemporáneo en que o dúo se terá que empregar a fondo. Creado tras unha longa relación co Plural Ensemble, ambos os intérpretes especializáronse na música española e iberoamericana máis actual, á parte dos grandes clásicos europeos. Hai pouco presentaron o seu disco *Dipolo* con obras para violonchelo e piano de compositores españois e latinoamericanos, dentro da colección que a Fundación BBVA ten co selo Verso.

NOVEMBRO

Venres 25 ■ 20:30 h

CGAC

SH4K3SP34R3

Morning (Summer's Lease) (1981)

Mary Chandler (1911-1996)

para óboe solo

Musik zu Hamlet (1929)

Stefan Wolpe (1902-1972)

para frauta, clarinete e violonchelo

Three songs from William Shakespeare (1953)

Igor Stravinsky (1882-1971)

para mezzosoprano, frauta, clarinete e viola

Noon (Summer's Lease) (1981)

Mary Chandler (1911-1996)

para óboe solo

Canzona Seria «A Hamlet monologue» (1957)

Werner Josten (1885-1963), para frauta,

óboe, clarinete, fagot e piano

SOS (2013)

Xabier Mariño (1983)

para mezzosoprano e quinteto de ventos
(Encargo de Zoar)

Nightfall (Summer's Lease) (1981)

Mary Chandler (1911-1996)

para óboe solo

Sonnet 116 (2015)

Scott A. Switzer (1986)

para mezzosoprano e fagot

Songs for Ariel (1962)

Michael Tippett (1905-1998)

para mezzosoprano, frauta, clarinete,
trompa e piano

Shakespeare Suite (1957)

Duke Ellington (1899-1974)

para quinteto de ventos (arr. Zoar)

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Jorge Sacido Romero

Prof. de Literatura Inglesa da USC

NOVIEMBRE
Sábado 26 ■ 20:30 h
CGAC

C3RV4NT3S

Chorale, Fugue et Prelude (2005)
Patrick van der Deurzen (1964)
Estrea en España

Suite del ballet Don Quijote (1957)
Jesús Bal y Gay (1905-1993)
(Arr. Zoar)

6 fragmentos de D.Q. (2016)
para quinteto de vento
José Luis Turina (1952)
(Don Quijote en Barcelona, 2016)
(Encargo de Zoar)

Don (1998)
Sebastián Mariné (1957)
para quinteto de viento

Juego de ladrones (2016)
para quinteto de vento
Óscar Navarro (1981)
(Encargo de Zoar)

AO INICIO DO CONCERTO CHARLA CON

Santiago Fernández Mosquera
Catedrático de Literatura Española da USC

Zoar é un conxunto de cámara estable e activo, con formación de quinteto de vento clásico. Desde 2009 actuaron nalgúns dos máis representativos escenarios galegos, como o Teatro Colón e Centro Ágora na Coruña, e Teatro Jofre de Ferrrol ou a Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, participando en acontecementos culturais de importancia como a entrega dos Premios da Cultura Galega, ou LVI Festival da Ópera da Coruña, o Ciclo de Outono do Museo de Belas Artes da Coruña ou Ciclo Músicas da Ilustración, en Ferrol. Ofrecen propostas orixinais, incorporando músicas actuais ou descoñecidas, colaborando con outros músicos e cantantes e interaccionando con outras disciplinas artísticas: Monicreques Cachirulo, Manuel Rivas, Monicreques de Kukas, Lytos, Alfonso Rivera, Xiana Vilas ou Ana Inés Jabares. Unha das súas principais inquietudes é o apoio á nova creación, achegando así novidades ao repertorio tradicional e dinamizando a vida musical. Proba diso son as estreas que realizaron das obras de compositores tales como Gabriel Bussi, Xabier Mariño, Óscar Álvarez, Juan Durán, Paquito D´Rivera, Federico Mosquera, Fernando Buide, así como de próximas como Óscar Navarro. Así mesmo, complementan a súa actividade artística coa pedagóxica e son profesores convidados a encontros da Orquestra Clásica de Xove e da Jove Orquestra Nacional de Catalunya.

Zoar presenta tres propostas programáticas ao redor de Miguel de Cervantes e William Shakespeare como inspiración literaria de expresión musical do século XX. Os concertos,



complementarios e análogos, ofrecerán diferentes composicións para quinteto de vento e para algún dos instrumentos que integran a formación. Ademais, atendendo ao patrimonio musical galego recuperan tres obras: unha adaptación para quinteto do ballet *Don Quijote*

de Jesús Bal y Gay, a obra *Sueño de un atardecer de otoño* de Manuel Balboa e un encargo de Zoar a Xabier Mariño: *SOS*. Tamén encargo do ensemble ao compositor alacantino Óscar Navarro é a proposta *Juego de ladrones*. A estrea da adaptación para quinteto de vento dalgúns interludios musicais da ópera *D.Q. Don Quijote* en Barcelona de José Luís Turina encargada para a ocasión, completarán o programa. Con espírito de interrelación da música e a literatura, nos concertos estarán representados diferentes modos de ler os textos dos dous escritores, ben a modo de recitado nas composicións ou como parte das creacións musicais como partes cantadas mesmo como fragmentos narrados entre cada unha das obras musicais.

Zoar

Álex Salgueiro, fagot
Joan Ibáñez, frauta
David Villa, óboe
Benxa Iglesias, trompa
Antonio Suarez, clarinete

Intérpretes invitados

Nuria Lorenzo, mezzosoprano
Teresa Morales, violonchelo
Paula Santos, viola
Javier Ares, piano

NOVIEMBRE
Domingo 27 ■ 12 h
CGAC
Concerto familiar

Juego de ladrones

de Óscar Navarro
(sobre textos de *Rinconete y Cortadillo* de Miguel de Cervantes)

Ao redor do texto de *Rinconete y Cortadillo* de Miguel de Cervantes está concibida a adaptación didáctico-musical de Óscar Navarro *Juego de Ladrones*. A construción do espectáculo céntrase nas relacións da música co texto, pondo en relevo o descritivo da partitura do compositor nas diferentes referencias ao escrito por Cervantes.

Real Filharmonía de Galicia

Nace da man da Xunta de Galicia en 1996 cunha vocación universal, como a propia cidade onde ten a súa sede, Santiago de Compostela. O Consorcio da cidade de Santiago é o organismo encargado da súa xestión. A orquestra está formada por cincuenta músicos de diferentes nacionalidades que achegaron a súa experiencia, formación, tradición musical, empeño e ilusión. Xunto a eles, mestres como Helmuth Rilling, o primeiro director titular da orquestra; Antoni Ros Marbà, que consolidou a súa traxectoria durante catorce anos e, agora, Paul Daniel, desde 2013, tiveron e teñen a responsabilidade de conducir esta formación musical. A Real Filharmonía de Galicia mantén unha tempada estable no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela que compatibiliza con xiras e concertos nos escenarios de países como Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal, ademais das principais cidades españolas, onde destaca a súa participación na tempada cultural de Vigo. Ten gravado, con Helmuth Rilling, as catro primeiras Sinfonías de Schubert, un disco dedicado a Joaquín Rodrigo e con Amancio Prada, un centrado en compositores galegos. Na discografía da RFG, con A. Ros Marbà, destacan traballos dedicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou, e a Maurice Ravel así como o disco *Variacións* (2013), no que a orquestra e a soprano María Bayo renden homenaxe a Antón García Abril. O seu último CD (2016) recolle tres obras para guitarra (*Concerto de Aranxuez* de Joaquín Rodrigo, *Concerto de Benicássim* de Leo Brouwer e *Guitare* de Frank Martin), baixo a dirección de Óliver Díaz e Miguel Trápaga á guitarra.



Jaime Martín, director

Despois dunha intensa carreira como solista de frauta, accedeu ao mundo da dirección orquestral tras unha xira en 2008 coa Orquesta de Cadaqués, da que é director titular desde

2011. En xuño de 2012 foi nomeado director artístico e titular da Gävle Symfoniorkester en Suecia e, desde 2013, principal director convidado da Orquesta Sinfónica de Castilla y León. Jaime Martín é o director artístico do Festival Internacional de Santander. Dirixiu orquestras como a Philharmonique de Radio France, a National du Capitol de Toulouse, a London Mozart Players, a Simfònica de Barcelona i Nacional de Catalunya, as Sinfónicas de Galicia, de Castilla y León e Tenerife, a Irish Chamber Orchestra e a Orchestre National de Lyon. Os seus recentes compromisos inclúen o debut operístico no Festival del Escorial e a Quincena Musical de San Sebastián con *A frauta máxica* e *O barbeiro de Sevilla* coa English National Opera en Londres, así como concertos coa Academy of St. Martin in the Fields, a English Chamber Orchestra, a Lausanne Chamber Orchestra, a Beijing Symphony, a Orchester Musikkollegium Winterthur e a London Philharmonic Orchestra. Futuros proxectos inclúen o retorno á English National Opera con *As vodas de Figaro* de Mozart, coa London Philharmonic no Royal Festival Hall, e debuts coas orquestras Liverpool Philharmonic, Swedish Radio Symphony e St. Paul's Chamber, entre outras. Ten varios CD gravados coa Orquesta de Cadaqués e a Orquesta Simfònica de Barcelona i Nacional de Catalunya para o selo Tritó. En 2012 dirixiu tamén a súa primeira gravación coa Academy of St. Martin in the Fields.

Anthony Marwood, violín

Actúa como solistas nas mellores orquestras e colabora regularmente con Les Violons du Roy en Canadá (actualmente é Principal Colaborador Artístico), a Orquesta de Cámara de Noruega (Colaborador Artístico na tempada 2016-17), Tapiola Sinfonietta, Orquesta de Cámara australiana e a Sinfónica de St. Louis. Traballou con Valery Gergiev, Sir Andrew Davis, Thomas Søndergård, David Robertson, Gerard Korsten, Ilan Volkov, Jaime Martín e Douglas Boyd. En 2015 fixo xiras coas Sinfónicas de Nova Zelandia, Sydney, Tasmanian e Adelaide, e este ano debuta coa Sinfónica do Novo Mundo en Miami e aparece en Festivais en Australia, Austria, Nova York e Quebec, onde interpretará o *Concerto para violín* de Beethoven. Tamén debutará coa Leipzig Gewandhaus Orquesta e a English Chamber Orchestra e visitará tanto Estados Unidos e Europa con Les Violons du Roy. Regresa coa Amsterdam Sinfonietta para unha xira e tocará con Alexander Rudin o *Dobre Concerto* de Brahms na Sala Chaikovski en Moscova. En música de cámara, colabora habitualmente con Thomas Ades, Martin Fröst, Steven Isserlis, Lawrence Power e Aleksandar Madzar. Ten gravados máis 30 CDs para Hyperion (o último o *Concerto para violín* de Walton), como solista e como membro do Trío Florestan; tamén gravou para EMI, BIS e Wigmore Live. Escribiron concertos para el Thomas Adès, Steven Mackey, Sally Beamish e, máis recentemente, o americano Samuel Carl Adams. Foi nomeado Instrumentista do ano 2006 polo Royal Philharmonic Society e membro da Guildhall School of Music and Drama en 2013. É codirector do Festival de Música de Cámara de Peasmarsh co chelista Richard Lester e aparece anualmente no Yellow Barn Festival en Vermont. Colabora frecuentemente coa Academia Nacional Australiana da Música en Melbourne e a Academia Nacional Pettman en Auckland. Entre os seus profesores están Emanuel Hurwitz e David Takeno. Toca un violín de 1736 realizado por Carlo Bergonzi.

DECEMBRO

Xoves 1 ■ 20:30 h

Auditorio de Galicia

Tres pinturas velazqueñas (2015)

Jesús Torres (1965)

Obra gañadora de VII Premio de Composición AEOS-Fundación BBVA

Concerto para violín

e instrumentos de vento op. 12 (1924)

Kurt Weill (1900-1950)

Sinfonía núm. 4

en si bemol maior op. 60 (1806)

L. v. Beethoven (1770-1827)

Jaime Martín, director

Anthony Marwood, violín

*Tres pinturas velazqueñas versa sobre tres lenzos de Velázquez. O primeiro movemento dedícase a La Venus del espejo: «Un constante fluír de diversos motivos en permanente ebulición, cos seus múltiples ecos e ramificacións» reflicte «a sensualidade e poesía da imaxe», comenta o autor. O segundo movemento aborda «a translación sonora de Cristo Crucificado, percorrendo camiños que van desde o sombrío e dramático comezo até o místico e abatido final». Termina a obra co triunfo de Baco, onde Torres explora «a posibilidade musical de pensar na lixeireza, cunha célula recorrente de seis notas que aparece completa, fragmentada ou pulverizada nunha miríada de mesturas tímbricas e harmónicas». Weill coñecía ben a escritura para ventos, algo tamén frecuente entre compositores como Hindemith ou Stravinski, cuxa influencia se adiviña no *Concerto para violín* de Weill en que destacan o equilibrio entre as seccións contrapuntísticas e as homofónicas, así como a transparencia da polifonía e a proximidade ao atonalismo. A rítmica stravinskiana e certas alusións a Mahler e Berg son evidentes nesta obra.*

“C”



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

